

Orde do día dos asuntos que se van a tratar na sesión ordinaria da Xunta de Goberno que terá lugar o xoves, día 14 de outubro de 2010, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 19/10, do 23 de setembro.

Asesoría Xurídica

2.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia, do 23.09.2010, pola que se dispón a comparecencia desta Deputación provincial no PO 379/2010, interposto por don Manuel Antonio Suárez-Vence Santiso, sobre tributos.

3.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia, do 23.09.2010, pola que se dispón a comparecencia desta Deputación provincial no PA 308/2010, interposto por dona Begoña Ferreiro Piña, sobre responsabilidade patrimonial.

4.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia, do 29.09.2010, pola que se dispón a comparecencia desta Deputación provincial no PA nº 301/2010, interposto por Línea Directa Aseguradora Compañía de Seguros y Reaseguros, SA, sobre responsabilidade patrimonial.

5.-Toma de coñecemento da sentenza do Xulgado de Primeira Instancia número un dos de Santiago de Compostela, do 01.09.2010, recaída en autos de xuízo de maior contía nº 276/1988, ao que se acumulou o nº 59/2005, sobre acción reivindicatoria da titularidade dun monte a favor da agrupación veciñal-parroquial de San Salvador de Taragoña-Rianxo.

6.-Toma de coñecemento da sentenza da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, do 02.09.2010, recaída en recurso de apelación nº 4321/09, interposto por Carnes Gallegas de Exportación, SL (CARGE, SL) contra a sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo número un da Coruña, con data do 04/02/2009, recaída en PO 229/06.

Patrimonio e Contratación

7.-Modificación do acordo nº 72 da Xunta de Goberno do 22 de xullo de 2010 relativo á aprobación de contrato menor de redacción de proxecto de construción da nova ponte na EP 7804 Val do Dubra a Santiago P.K. 20+290 (Santiago).

8.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se avoca a competencia para aprobar a realización dun curso denominado “Iniciación á administración electrónica”.

9.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se avoca a competencia para aprobar a realización dun curso denominado “Autómatas programables S7 1200 e integración de pantallas de visualización”.

10.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se avoca a competencia para aprobar a modificación do contrato de “Impartición, organización e xestión de accións de formación en novas tecnoloxías”.

11.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se avoca a competencia para adxudicar provisionalmente o contrato de servizos de normalización, racionalización e simplificación dos procedementos administrativos tributarios e recadatorios para a súa posta en marcha na aplicación tributaria da Deputación da Coruña.

12.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se avoca a competencia para adxudicar definitivamente o contrato de servizos de desenvolvemento e implantación de software para Blackberry para a súa utilización na tramitación das sancións de tráfico xestionadas pola Deputación.

13.-Aprobación do Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para a contratación dos servizos de mantemento do servidor Bull Escala PL250T.

14.-Aprobación do Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para a contratación da subministración dun vehículo ambulancia para a “Asociación de voluntarios para axuda a necesitados” (AVAN).

15.-Adxudicación provisional do contrato de subministración e actualización de licenzas con destino á Imprenta provincial.

16.-Adxudicación provisional das obras do Plan de travesías 2005, terceira fase, terceira relación: modificado nº 1 travesía na EP 7804 do Val do Dubra a Santiago P.Q. 21,20 ao P.Q. 21,71 (Santiago).

17.-Adxudicación provisional das obras do Plan de travesías 2009 undécima fase (segunda relación): Construción de senda peonil na estrada DP 3204 Curtis a Lavacolla PK 1+180 a 1+188 (Vilasantar-Curtis).

18.-Adxudicación provisional das obras do Plan de travesías 2010 primeira fase, primeira relación: complementario nº 1, mellora da seguridade viaria na DP 7304 de Xaras a Olveira Pk 1,640 a 3+990 referente á construción dunha pasarela peonil no PK 1+970 (Ribeira).

19.-Adxudicación provisional das obras do Plan de travesías 2010 segunda fase, primeira relación: senda peonil na estrada DP 2601 (Cesuras).

20.-Adxudicación provisional dos contratos de servizos de asistencia técnica á Deputación para a redacción dos proxectos de execución das obras: senda peonil na DP 2405 Cerceda a Mesón do Vento do Pk 3+910 ao 7+510 (Cerceda).

21.-Adxudicación provisional das obras do Plan de travesías 2009 segunda fase: seguridade viaria, renovación de beirarrúas e iluminación na DP 3201 ao seu paso polo núcleo de Curtis (Curtis).

22.-Adxudicación provisional das obras do Plan de sendas peonís 2010, primeira fase: senda peonil na DP 1004 de Lanzá a Boimorto (Boimorto) e senda peonil na DP 7601 San Sadurniño á Cruz de Lamestra (San Sadurniño).

23.-Adxudicación provisional das obras do Plan de vías provinciais 2009, novena fase: mellora de seguridade viaria DP 1706 O Temple a Cambre (Cambre).

24.-Adxudicación provisional das obras do Plan de vías provinciais 2010 quinta fase: mellora de capa de rodaxe na DP 1902 Carballo a Razo (travesía de Arnados) (Carballo).

25.-Adxudicación provisional das obras de instalación dun sistema perimetral de vixilancia e control de accesos no edificio Calvo Sotelo.

26.-Adxudicación provisional do contrato de asistencia técnica para a xestión, coordinación e seguimento do Plan director de comercio para as comarcas de Muros-Noia, O Barbanza e O Sar (GDR-25) a través da creación da oficina de apoio ao comercio.

27.-Adxudicación definitiva das obras comprendidas na terceira fase da anualidade 2010 do proxecto Mandeo: rutas de sendeirismo lote 3 (Paderne, Oza, Coirós e Cesuras).

28.-Adxudicación definitiva da contratación dos servizos de actualización, análise e mantemento da EIEL da provincia da Coruña e desestimación de recurso contra a adxudicación provisional.

29.-Adxudicación definitiva da contratación da xestión económico-administrativo e control financeiro das actuacións, a coordinación técnica e o seguimento do proxecto Parnet-tic, financiado polo Feder dentro do programa Sudoe.

30.-Adxudicación definitiva do contrato consistente na elaboración dun Plan de marketing, comunicación e comercialización do destino turístico Ferrol-Ortegal dentro da cuarta anualidade do Plan de dinamización do produto turístico Ferrol-Ortegal.

31.-Adxudicación definitiva do contrato para a elaboración do terceiro estudo de caracterización da calidade das augas dos ríos Mendo e Mandeo (indicadores físico-

químicos) incluído dentro da actuación A.2.5 do proxecto Mandeo, cofinanciado con fondos Feder nun 70% dentro do eixe 5 "Desenvolvemento local e urbano sostible".

32.-Adxudicación definitiva do contrato de servizos de impresión, tratamento e distribución de comunicacións e notificacións da Tesourería da Deputación.

33.-Adxudicación do contrato menor dos servizos consistentes nunha campaña de promoción turística en radio da provincia da Coruña como destino dos produtos turísticos creados polos plans de dinamización turística da Deputación da Coruña.

34.-Modificación da imputación orzamentaria recollida no acordo da Xunta de Goberno nº 33 con data do 28.01.2010, polo que se adxudicou definitivamente o contrato de servizos de atención de alarmas e custodia de chaves de inmobles provinciais.

35.-Aprobación do contrato menor de subministración e instalación de caixas de correos no centro A Milagrosa.

36.-Aprobación do contrato menor de subministración de libros e xoguetes con destino ao Fogar Infantil de Ferrol.

37.-Aprobación do contrato menor de redacción dun libro titulado "O proxecto Peace: desenvolvemento metodolóxico, análise territorial e reflexión sobre os resultados obtidos", con destino á Deputación.

38.-Aprobación do contrato menor de subministración de equipos para tratamento de información con destino ao Servizo de Asistencia Técnica a Municipios (Proxecto Loured).

39.-Aprobación do contrato menor de servizos de impresión do libro "Gregorio Ferro. Pintor de Boqueixón" dentro do Plan de mellora da calidade turística de Portodemouros.

40.-Aprobación do contrato menor de realización dun taller de creación de cómic (Tacreco) para nenos desde os 7 ata os 16 anos de idade e a montaxe dunha exposición cos traballos feitos, na Biblioteca provincial.

41.-Aprobación do contrato menor de realización dun taller de Nadal: tarxetas de felicitación, na Biblioteca provincial.

42.-Aprobación do contrato menor de realización dun curso sobre papeis pintados: estoxos protectores, libros e documentos na Biblioteca provincial.

43.-Aprobación do contrato menor de realización dun taller de celebración do día da Biblioteca, na Biblioteca provincial.

44.-Proposta para declarar deserto o contrato de mantemento e tratamento técnico dos bens depositados na nave almacén da Deputación no Polígono Industrial de Sabón-Arteixo.

45.-Aprobación da prórroga do seguro de accidentes dos alumnos do Conservatorio de Danza 2010-2011.

46.-Aprobación da prórroga do contrato de servizos de mantemento do software “Universe” por un ano.

47.-Aprobación da prórroga do contrato de servizos de atención e mantemento do “Centro de atención a usuarios” no Servizo de Informática da Deputación Provincial da Coruña.

48.-Aprobación do contrato menor consistente no pintado en diversas zonas do pazo de Mariñán.

49.-Aprobación do contrato menor de reforzo das estantes da sección infantil da Biblioteca provincial.

50.-Aprobación da contratación do espazo para a participación da Deputación na Feira Internacional de Turismo interior “INTUR 2010”.

51.-Aprobación da contratación do espazo para a participación da Deputación na XVII Feira de Autónomos de Galicia (FEMAGA) que se celebrará do 4 ao 8 de decembro de 2010 no recinto feiral Expocoruña.

52.-Modificación do contrato de determinación do tipo de bens e subministración dunha caseta institucional da Deputación Provincial da Coruña (Deseño e construción) así como a súa montaxe, desmontaxe, transporte e atención da caseta en feiras, durante as tempadas 2010 a 2012.

FÓRA DA ORDE DO DÍA

53.-Aprobación do contrato menor da organización do IV “Encontro político-técnico de normalización lingüística desde a Administración local”.

54.-Aprobación do contrato menor de subministración de 400 DVD que promoven a “Festa do polbo de Mugarbos” 2010 para a súa distribución con carácter institucional en feiras.

55.-Aprobación do contrato menor consistente nos servizos dunha asistencia técnica para a xestión, coordinación e seguimento das actuacións pendentes para o peche do Plan piloto de mellora da calidade de Portodemouros.

ROGOS E PREGUNTAS